DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 141 | Luns, 26 de xullo de 2021 | Páx. 37982

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

*EXTRACTO da Orde do 14 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021, programa II: Emprego con apoio (código de procedemento TR342A).*

BDNS (Identif.): 576220.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2% de traballadores e traballadoras con discapacidade sobre o total das persoas traballadoras ou, no seu defecto, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE núm. 94, do 20 de abril).

Segundo. *Obxecto*

Este programa ten como obxecto subvencionar as entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio para financiar os custos laborais e da Seguridade Social derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio.

CVE-DOG: 6lx9wg28-kce7-1ze8-mc80-seynuraygv74

Trátase de favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social con especiais dificultades para a súa inserción laboral, favorecendo a súa integración en empresas con centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implementación de accións de emprego con apoio.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 14 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación e á formación na empresa ordinaria, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021, programa II: Emprego con apoio (código de procedemento TR342A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse cincocentos mil euros (500.000 €).

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación desta orde e rematará o 30 de setembro de 2021.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

CVE-DOG: 6lx9wg28-kce7-1ze8-mc80-seynuraygv74